

## Traballo de Fin de Grao

Anarquismo e economía: unha aproximación ás súas propostas económicas e de organización do traballo.

Anarquismo y economía: una aproximación a sus propuestas económicas y de organización del trabajo.

Anarchism and economy: an approach to its economic and work organization proposals.

Autor: Adrián Soto González

Director: José Luis López Fernández

Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

2017

## **Resumo**

Neste traballo realízase unha aproximación ás propostas históricas do anarquismo, tanto no referente aos distintos sistemas económicos deseñados, como en materia da organización do traballo nunha suposta sociedade ácrata. A través dunha viaxe dende os inicios do socialismo, pasando polas revolucións sociais europeas de comezos do século XX ata chegar ao momento actual, afondaremos nos diversos modelos de sociedade desenrolados empregando como base as ideas libertarias, recorrendo, para a súa mellor comprensión, a diferentes exemplos da súa aplicación, tanto en tempos pasados como na actualidade.

## **Resumen**

*En este trabajo se realiza una aproximación a las propuestas históricas del anarquismo, tanto en lo referente a los distintos sistemas económicos diseñados, como en materia de la organización del trabajo en una supuesta sociedad ácrata. A través de un viaje desde los inicios del socialismo, pasando por las revoluciones sociales europeas de principios del siglo XX, hasta llegar al momento actual, profundizaremos en los diversos modelos de sociedad desarrollados empleando como base las ideas libertarias, recurriendo, para su mejor comprensión, a diferentes ejemplos de su aplicación tanto en tiempos pasados como en la actualidad.*

## **Abstract**

*In this work an approach is made to the historical proposals of anarchism, both in relation to the different economic systems designed, as well as in the matter of the organization of work in a supposed anarchist society. Through a journey from the beginnings of socialism, through the European social revolutions of the early twentieth century, to the present moment, we will delve into the various models of society developed using libertarian ideas as a basis, using, for their better understanding, different examples of their application in both past and present times.*

Palabras clave: Anarquismo, Trabajo, Economía, Organización

*Key words:* Anarchism, Work, Economy, Organization

## Índice

1. Introducción.....	4
2. Marco teórico.....	5
3. Obxectivos e metodoloxía.....	7
4. Que é o anarquismo. Os seus fundamentos e obxectivos.....	8
5. A concepción do traballo polo anarquismo.....	11
6. A organización da economía anarquista.....	13
a. Proto-anarquismo (Cooperativismo).....	14
b. Mutualismo.....	16
c. Colectivismo.....	18
d. Anarcocomunismo.....	20
e. Anarcosindicalismo.....	22
f. Anarcocapitalismo.....	23
7. Economías de inspiración libertaria ao longo da Historia.....	24
a. Os kibbutz de Palestina.....	25
b. O Territorio Libre en Ucraína.....	27
c. A Revolución Social Española (1936-1939).....	29
d. A Revolución de Rojava.....	31
8. As propostas anarquistas no marco económico actual.....	32
9. Conclusión.....	34
10. Bibliografía.....	35

## **1. Introducción.**

A través deste TFG, busco, en primeiro lugar, realizar unha análise en profundidade dos distintos modelos teóricos e prácticos desenvolados ao longo dos últimos dous séculos empregando como base os principios do socialismo, concretamente os da súa corrente libertaria.

Deste xeito, poderei trazar unha liña temporal que permita relacionar as distintas correntes existentes dentro dun movemento político e social tan heteroxéneo, e que facilite a observación e estudo das diferentes fases percorridas polas teorías anarquistas dende os seus comezos ata o día de hoxe.

Así mesmo, outra das pretensións perseguidas coa realización deste estudo, é a de rescatar e poñer en valor a influencia exercida polas correntes de pensamento ácrata no que respecta á sistemas de organización do traballo e modelos económicos ao longo dos últimos séculos.

Presente en maior ou menor medida nos distintos feitos revolucionarios acontecidos ao longo de Europa e Norteamérica durante os séculos XIX e XX, son numerosos os exemplos de experiencias anarquistas levados á práctica, en maior ou menor escala: a Comuna de París, o Territorio Libre en Ucraína durante a Revolución Rusa, a Revolución Social Española en Catalunya e Aragón durante a Guerra Civil...

Dito protagonismo continua a día de hoxe. En lugares tan dispares xeográfica e culturalmente como poden ser Chiapas, en México, ou Rojava, no norte de Siria, atopámonos con exemplos de comunidades enteiras que funcionan empregando os principios de autoxestión e cooperación defendidos historicamente polo anarquismo, e que se ben non poden ser completamente cualificadas como sociedades libertarias, nótrense das mesmas fontes.

## **A miña motivación**

O principal motivo que me levou á elección desta temática para o meu TFG é a forma na cal se lle presenta o anarquismo aos estudantes ao longo da súa traxectoria académica, tanto nos colexios e institutos como na universidade. O trato que se lle da a dito movemento social é cando pouco superficial e apurado, pasando por enriba ou ignorando os fitos máis destacables acadados polo anarquismo en materia de xustiza social, traballo ou economía, e centrando a súa atención en feitos violentos e no supostamente “utópico” dos seus prantexamentos.

Os feitos anteriormente citados, xunto co meu particular interese na materia obxecto de estudo, fan que considere necesario realizar un traballo que permita, dentro das miñas posibilidades, axudar a visibilizar e comprender mellor que é o anarquismo e cales son as súas achegas en materia de organización económica e laboral.

### **2. Marco teórico.**

Atopámonos nun dos períodos máis convulsos da historia mundial tralos acontecementos posteriores ao derrubamento da Unión Soviética e o hipotético remate da Guerra Fría que dividiu o mundo en dous bloques enfrontados durante medio século. Tras apenas unhas décadas de finxida calma internacional, tempos durante os cales as guerras, baixo o nome enganoso de “operacións de paz”, acontecían lonxe de occidente, a historia volta a repetirse.

O incremento da conflitividade en Oriente Medio e África, fomentada de forma apenas disimulada polas principais potenciais mundiais (EE.UU, UE, Rusia, China), ansiosas por facerse cos valiosos recursos que se atopan neses territorios, provoca unha escalada bélica sen precedentes dende a Segunda Guerra Mundial.

O auxe dos extremismo relixiosos nesas mesmas rexións esnaquizadas pola guerra, causa éxodos masivos. Milleiros, centos de milleiros de persoas desesperadas por fuxir das balas e misis cos que os ameazan integristas e ditadores. O seu único obxectivo, chegar a Europa, onde agardan atopar a paz e tolerancia da que non poden desfrutar nos seus fogares, e que é cacarexada como un dos pilares da UE.

Nembargante, o que esta xente atopa ao chegar ás costas europeas, cando non parecen por centos no intento, son valados de arame de espiño e efectivos militares e policiais que se encargan do seu internamento en campos e expulsión.

Todo isto baixo o amparo e control dos mesmo gobernos que presumen da superioridade duns valores europeos que non exercitan, e que ven como son superados polo crecemento experimentado na última década polas organizacións e partidos políticos de carácter fascista e racista, ao tempo que fomentan o seu auxe coas medidas adoptadas.

Mentres, na esfera económica, o mundo continua inmerso na enésima crise do sistema capitalista mundial, incapaz de sobrevivir sen a dispoñibilidade asegurada de man de obra barata e o sostén financeiro dos gobernos, plenamente dispostos a desatender as obrigas que se lles presupón de cara aos seus cidadáns coa única finalidade de perpetuar un sistema económico en crise permanente.

Asistimos deste xeito a un descarado ataque contra a soberanía dos pobos, auspiciada por uns estados cómplices das grandes empresas, que claman por unha liberalización cada vez maior do mercado e a privatización das funcións públicas, ao tempo que solicitan axudas económicas para o seu funcionamento e rescatase a institucións financeiras co diñeiro da poboación, sen esperanzas de recuperalo a curto ou longo prazo.

A pesar da visión pesimista que se pode extraer de todo o anteriormente, ao tempo que se da esta situación de retroceso no campo social e económico, xorden iniciativas e movementos que buscan dar un xiro á deriva autoritaria e xenófoba que asolaga o mundo.

E é neste preciso momento cando cobran especial relevancia aquelas propostas que alédanse dos modelos económicos clásicos que se veñen impondo historicamente como superiores, mesmo cando vese a todas luces a súa incapacidade de cubrir as necesidades do conxunto da poboación.

Neste contexto, o anarquismo supón unha ruptura respecto aos sistemas económicos imperantes no pasado século, tanto ao capitalismo como ao comunismo, supoñendo unha alternativa cada vez máis atractiva fronte, por un lado, o intervencionismo do estado en tódolos aspectos da vida privada e económica, e ante os abusos impunes dos monopolios empresariais.

Ábrese deste xeito unha sorte de terceira vía, unha oportunidade de rachar coas ataduras impostas polo estado moderno, formando unha comunidade na cal os seus membros gocen da liberdade de organizarse voluntariamente e dar forma a un novo modelo de sociedade que supoña unha alternativa válida aos sistemas económicos e laborais actuais.

### **3. Obxectivos e metodoloxía.**

Mediante o presente traballo, preténdese realizar unha análise o máis completa posible dos distintos modelos económicos baseados nunha sociedade anarquista desenrolados ao longo dos séculos, así como examinar a súa aplicación en diferentes contextos históricos xunto coa súa capacidade de sosterse no tempo.

Deste xeito, buscamos dar unha visión máis detallada das diferentes propostas do anarquismo no referente á organización da economía e o traballo, por longo tempo ignoradas e tachadas de utópicas, así como sinalar a influencia das ideas ácratas en certas propostas económicas postuladas como alternativas ao sistema económico capitalista actual.

Para a realización do traballo e axeitado cumprimento dos obxectivos marcados, á hora de escoller a metodoloxía a empregar, optamos pola realización dunha revisión bibliográfica.

A escolla desta metodoloxía ven dada pola abundancia de material bibliográfico no que se trata a materia que nos ocupa. A existencia dunha considerable cantidade de textos, dende ensaios teóricos a narracións de experiencias prácticas, permítenos, mediante a súa consulta e estudo, abarcar unha inxente cantidade de información crítica para a realización deste traballo, e que dificilmente podería acadarse a través doutras vías.

#### 4. Que é o anarquismo. Os seus fundamentos e obxectivos.

Á hora de definir en que consiste a ideoloxía ácrata, resulta indispensable recorrer ao escritor e militante alemán Rudolf Rocker, que define o anarquismo como “unha corrente intelectual ben definida na vida do noso tempo, cuxos partidarios propugnan a abolición dos monopolios económicos e de tódalas institucións coercitivas, tanto políticas como sociais, dentro da sociedade”<sup>1</sup>.

A definición realizada por Rocker resume dunha forma clara e concisa cales son as principais metas ás calas aspira o anarquismo. En primeiro lugar atopámonos coa vertente social, por así dicilo, a cara máis coñecida do anarquismo. Redución das funcións do estado ata a súa eliminación total, defensa da autoxestión e da libre federación dos seres humanos entre si de cara a cubrir as súas necesidades a través da cooperación...

A outra vertente sería a que corresponde á visión económica da sociedade. Neste punto queda patente a base socialista do anarquismo, defendendo a desaparición da propiedade privada da terra e os medios de produción, que deben pasar a ser propiedade do común e estar baixo control directo dos traballadores. Nembargante, difire radicalmente do socialismo clásico, entanto que rexeitase o intervencionismo estatal propio das economías socialistas.

Resume Kropotkin de forma moi acertada estas dúas vertentes e a súa orixe histórica á hora de afianzar os alicerces do anarcocomunismo: “O anarquismo, o sistema socialista sen goberno[...] É unha pola dos dous grandes campos de pensamento no económico e o político que caracterizaron o século XIX[...] En común con tódolos socialistas, os anarquistas manteñen que a propiedade privada da terra, o capital e a maquinaria xa tivo o seu tempo [...]. E en común cos máis avanzados representantes do radicalismo político, manteñen que o ideal da organización política da sociedade pasa por reducir as funcións do goberno ao mínimo”<sup>2</sup>.

O anarquismo afunde as súas raíces nos chamados “socialistas utópicos” (Robert Owen en Inglaterra, Charles Fourier en Francia, etc) da primeira metade do século XIX, como pola do socialismo que é. De feito, non se atopan nese momento claramente definidos os

---

1 Rocker, Rudolf. (1938) *Anarcosindicalismo (Teoría y práctica)*. Fundación de Estudios Libertarios Anselmo Lorenzo, 2009, Madrid, pag. 29

2 Kropotkin, Piotr. *Anarcocomunismo: sus fundamentos y principios*. Editorial LaMalatesta, 2010, Madrid, pag. 19



seus principios, coexistindo baixo a denominación de socialismo unha morea de correntes ideolóxicas que posúen diferentes enfoques tanto no plano de acción, como no económico e de organización da sociedade.

A primeira proposta de organización económica de carácter marcadamente anarquista chegou da man do do pensador autodidacta francés Pierre-Joseph Proudhon, que nas súas obras defende o que el deu en chamar “mutualismo”, sistema económico que trataremos en maior profundidade máis avanzado este traballo.

Non sería ata a segunda metade do XIX cando o anarquismo adquiriría personalidade de seu, destacándose como unha das dúas ideoloxías nas caes se dividiu o movemento socialista, sendo a outra o socialismo marxista. Está división materializábase en 1872, no V Congreso da Asociación Internacional dos Traballadores (de agora en diante AIT), no cal Marx e os seus simpatizantes, defensores da ditadura do proletariado, e polo tanto do estado, a través de argucias e enganos, proceden a expulsión de Bakunin, un dos pais do anarquismo e cabeza do movemento libertario na AIT.

A partir deste intre, o anarquismo comeza de veras a súa fase de consolidación como movemento revolucionario e alternativa fronte a tendencia autoritaria e de participación nas institucións burguesas defendidas naqueles momentos pola recentes partidos políticos de corte socialista.

Desenrólanse deste xeito novas propostas libertarias no referente a organización da sociedade e a economía, entre as que cabe destacar o “colectivismo”, defendido polo mesmo Bakunin, ou o “anarcocomunismo” promulgado polo denominado “Príncipe anarquista”, o ruso Piotr Kropotkin, cuxas propostas exerceron e seguen a ter unha gran influencia nos pensadores e militantes anarquistas posteriores.

Chegados a finais de século XIX e comezos do XX, e froito da combinación das numerosas reivindicacións dos traballadores cos principios e finalidades do movemento anarquista, xurde o anarcosindicalismo como mecanismo de organización dos traballadores, non so de cara á defensa dos seus intereses e dos postulados do anarquismo, senón como unha ferramenta máis en vista ao establecemento dun novo modelo de sociedade.

A Revolución Rusa supuxo un impulso dos postulados revolucionarios a nivel internacional, durante a cal, e aínda que o control absoluto desta foi tomado polo partido bolxevique de Lenin, coa conseguinte represión de calquera idea discordante, o anarquismo xogou o seu papel na historia, como testemuña a figura de Néstor Makhno, e o seu Exército Negro, que combateu en Ucraína durante a 1ª Guerra Mundial, tanto contra os alemáns e nacionalistas ucraínos como contra o Exército Vermello baixo o mando de Trotsky.

Prodúcese durante esta época un auxe do anarquismo na maior parte do continente europeo, así como nos Estados Unidos, onde o anarquismo viña medrando en forza dende finais de século, en gran medida debido á gran cantidade de traballadores emigrados e intelectuais exiliados dende Europa.

Cabe destacar entre os feitos acaecidos nestes tempo a execución de 5 obreiros e militantes anarquistas, coñecidos en diante coma os Mártires de Chicago, tralas protestas de Haymarket pola xornada laboral de 8 horas durante o 1 de maio ( razón pola cal celébrase internacionalmente o Día dos Traballadores nesa data).

Mentres, e a pesar da represión exercida dente o estado e a oposición dos empresarios, en moitas ocasións violenta, ante o crecente xermolar das ideas libertarias entre as masas proletarias, non se puido evitar que estas se asentaran, dando lugar á creación de organizacións e sindicatos de carácter anarcosindicalista que rexurdían constantemente con novas denominacións ante as incesantes ilegalizacións e persecucións sufridas. Ocupa un lugar de especial relevancia o caso da Confederación Nacional del Trabajo (CNT) en España, que no seu momento de maior apoxeo, antes da Guerra Civil, chegou a acadar máis de 700.000 afiliados.<sup>3</sup>

Tralo remate da 2ª Guerra Mundial e o comezo da Guerra Fría, co establecemento de dous bloques xeopolíticos enfrontados, o anarquismo esmorece, en gran parte debido as enormes perdas, tanto materiais como humanas sufridas nas guerras que asolagaron o continente europeo na primeira metade do século, así como pola continua represión, que os deixa nunha posición de marxinalidade.

---

<sup>3</sup> Archivos da CNT, Congresos confederales de 1911 a 1936.

Chegados a este punto, as propostas anarquistas semellaban ter sido relegadas xunto ao resto de ideoloxías historicamente consideradas utópicas. Mais, a actual conxuntura económica e política internacional, cun paulatino feblecemento das estruturas tradicionais dos estados e o auxe dos fundamentalismos relixiosos e movementos racistas e fascistas, da lugar a busca de fórmulas alternativas aos sistemas vixentes, volvendo a mirada cara as teses defendidas polo pensadores ácratas do século pasado, e a actualizando os seus postulados ao contexto actual.

### **5. A concepción do traballo polo anarquismo**

A visión do traballo por parte dos pensadores ácratas estivo sempre caracterizada por unha dobre faciana: por un lado, a consideración do traballo como un mecanismo de explotación das forzas dos traballadores polos capitalistas; polo outro, a consecuencia da necesidade do ser humano de dar saída ás súas inquedanzas e vitalidade innata.

Desta forma, o traballo xoga un papel fundamental a hora de acadar o completo desenrolo do ser humano, podendo converterse en algo máis que un medio a través do cal vemos cubertas as nosas necesidades vitais, senón que podería satisfacer tamén algunhas das nosas necesidades sociais e individuais.

Esta idea, fundamente apoiada dende un comezo polos teóricos do anarquismo, recoñecía como necesidade indispensable para que o traballo acadara tal carácter emancipador a realización deste en total liberdade e baixo unhas condicións que aseguraran a máxima realización dos traballadores. Contraponse así a figura do traballador asalariado, sempre baixo ordes, controlado pola autoridade e coa súa autonomía restrinxida, co ideal representado polo traballador “libre”, aquel que realiza a súa labor de forma voluntaria e consciente, non unicamente pra asegurarse a subsistencia, mais como medio de chegar a un maior desenrolo vital.

É preciso, polo tanto, eliminar primeiramente a explotación que atopamos comunmente no traballo común, ante de que o estatus deste poida cambiar para maior ben da sociedade. O traballo non dignifica en absoluto se non se realiza en condicións dignas.

Asimesmo, podemos observar diferentes posturas arredor doutro concepto básico á hora de definir o traballo: o salario. Chegados a este punto, as opinións dividiríanse en tres principais grupos, identificados coas principais correntes históricas do anarquismo. Isto é, o mutualismo, o colectivismo e o comunismo libertario.

En primeiro lugar, o mutualismo, primeira proposta económica de carácter netamente libertario postulada por Proudhon, defende a posesión individual, que non a propiedade privada, considerando que dándose as condicións nas cales os medios de produción se atopen a disposición de tódolos traballadores libres de explotación, e gardiáns polo tanto do seu traballo, o intercambio de produtos daríase en función do verdadeiro valor dos bens producidos por cada un. A premisa da que parte este prantexamento é que, unha vez desaparecida a figura do empresario, eliminaríase do mesmo xeito a plusvalía, entendendo esta como a diferenza existente entre o valor monetario dado a un produto fronte ao valor outorgado ao traballo necesario para a súa obtención. Eliminando dita plusvalía, os traballadores serían libres de intercambiar os seus produtos polo valor real destes, o cal, segundo defende Proudhon, remataría con calquera afán de lucro, propiciándose un intercambio xusto e equitativo.

Pola parte do colectivismo, se ben se considera que tanto a terra como os medios de produción han de ser de propiedade común, mantén un sistema de salario, establecendo que o dereito dos traballadores aos froitos da produción dependerán do seu aporte no conxunto do proceso produtivo. Rompe en certa medida as teses de corte individualistas que se poden apreciar no colectivismo, mais continua arrastrando a rémora dos salarios, coas diferenzas que dito sistema pode carrexar entre aqueles máis capacitados, e que polo tanto perciban máis, e os que menos poden aportar, e que se verían neste caso discriminados, creando unha sociedade desequilibrada e inxusta.

Este oco no prantexamento colectivista verase cuberto co posterior desenrolo do anarcocomunismo que, tendo en conta a capacidade de produción actual da industria e a inxustiza que supón un reparto desigual dos bens entre os membros dunha sociedade, defenderá que dito reparto sexa realizado non en función dos aportes individuais de cada un, senón en base das necesidades de cada persoa.

Resultan deste xeito tres prantexamentos básicos, e incluso opostos en certos aspectos, á hora de achegarse ao traballo e á forma ideal de proceder á súa reorganización de acordo aos principios anarquistas. Non obstante, esta mesma diversidade de opinións ao respecto dun tema tan vital amosa ata que punto preocupaba e interesou historicamente aos pensadores anarquistas todo aquilo relativo aos efectos que tería nos traballadores a aplicación dun sistema económico e social netamente libertario. E, se ben son diversas as vías de actuación propostas, hai unha conclusión común: só a través da total liberdade e benestar no traballo poderá o traballador acadar o seu pleno desenrolo vital e contribuír á existencia dunha sociedade realmente xusta.

### **6. A organización da economía anarquista.**

Un dos maiores hándicaps aos que se ten que enfrontar comunmente o anarquismo e á acusación das súas aspiracións irreais e ao escaso fundamento científico das súas propostas, así como a súa falta de desenrolo teórico. Deste xeito, dáse unha imaxe deformada e interesada do que é o anarquismo, colocando nunha posición de suposta inferioridade fronte a outras ideoloxías, como o marxismo nas súas diferentes variantes, que son vistas dende un punto de vista máis benévolo dada a súa tendencia a respectar as estruturas estatais existentes.

A defensa desta concepción do anarquismo como o dun cúmulo de ideas inconexas en contra da autoridade do estado e a favor da libertinaxe atópase polo xeral, cando non provocado pola vontade de desprestixiar e ridiculizar o pensamento ácrata, auspiciado pola máis fonda ignorancia.

Contrariamente a esta idea xeneralizada, a base teórica e científica do anarquismo é moi ampla e variada. Dende o mutualismo de Proudhon e o seu primitivo anarquismo, pasando polo anarcocomunismo desenrolado por Kropotkin baseándose nos máis estritos principios da investigación científica, ata chegar a denominada “Economía Participativa” proposta por Albert e Hahnel, o anarquismo buscou constantemente sustentar as súas propostas nas conclusións extraídas a través da observación da realidade socioeconómica de cada momento.

Deste xeito, o anarquismo foi artellando unha serie de modelos considerados, se non ideais, si próximos a un deseño de sociedade axeitada aos ideais libertarios. Estes sistemas foron evolucionando ao longo do tempo, e se ben poderíamos realizar un listado interminable atendendo ás diferentes formas en que se aplicaron na práctica, procederemos ao estudo do que serían os aspectos xerais que diferencian cada modelo entre si. Pra maior claridade, a análise realizáremola en orde cronolóxica descendente, co fin de poder observar a súa evolución. Os modelos a estudar son os que seguen:

**a. Proto-anarquismo (Cooperativismo).**

Se o que queremos é achegarnos dunha forma o máis completa posible aos postulados da ideoloxía anarquista, é preciso, igual que con calquera outra materia obxecto dun estudo serio, ser consciente das súas orixes e transfondo histórico.

No caso que nos ocupa, debemos remontarnos a finais do século XVIII, na última etapa da Ilustración. É durante este período, caracterizado de redescubrimento das ciencias e da filosofía, e o fortalecemento do ideario humanista, cando comezan a asentarse as raíces do futuro socialismo, a través das teorías e propostas dunha serie de pioneiros inspirados polos ideais da ilustración.

Caracterízanse as propostas destes precursores pola súa heteroxeneidade, así como pola vontade de moitos dos seus promotores de levar a cabo proxectos prácticos nos cales se chegaron a crear comunidades baseadas nos principios promulgados por tal ou cal ilustrado. O feito de pretender crear comunidades alleas ao sistema capitalista dentro deste mesmo sen atacar a raíz da problemática, xunto co nun principio escaso análise da sociedade máis aló dos males provocados pola industrialización e o capitalismo, serviu pra acuñar a expresión de “socialistas utópicos”, empregada de forma despectiva coa finalidade de distinguir as súas propostas das marxistas, baseadas no análise científico da realidade a través do materialismo histórico.

Non obstante, se ben as ideas destes pensadores podían nalgúns casos carecer de base científica e caer no mero idealismo, é innegable que sentaron as bases da crítica ao crecente sistema capitalista, poñendo de relieve as nefastas consecuencias que tiña nos traballadores a industrialización, e realizando unha mordaz crítica do liberalismo e a súa concepción da liberdade e a propiedade privada, rexeitada de plano polos socialistas utópicos.

As súas achegas resultan polo tanto fundamentais para comprender o posterior socialismo, sendo algúns dos seus máximos representantes Robert Owen (Inglaterra), Henri de Saint-Simon e Charles Fourier (Francia), dos cales faremos unha breve reseña a continuación pra comprender mellor as súas propostas.

No que se refire ao caso de Robert Owen, atopámonos ante a paradigmática situación de que trátase dun empresario que sentou as bases de como sería entendido o socialismo e o movemento obreiro posterior en Gran Bretaña (grazas en gran medida á influencia do seu sogro David Dale, que nas súas fábricas de New Lanark comezaba a experimentar co cooperativismo e a autoxestión por parte dos obreiros), chegando a converterse na cabeza visible de dito movemento, é un dos inspiradores do Partido Laborista.

Owen non foi só un teórico, senón que dende a súa posición privilexiada, tentou levar a cabo diversos proxectos, atacando duramente a explotación dos traballadores, especialmente no referente ao traballo infantil do cal foi firme opositor, preocupándose por ofrecer aos fillos dos seus traballadores en New Lanark de acceso á educación dende a infancia, creando a primeira escola destas características en Gran Bretaña no ano 1816.

Non obstante, se por algo é coñecido Owen a nivel mundial, e pola creación de varias “colonias” de inspiración socialista durante a súa vida, como é o caso de New Harmony, en Carolina do Norte, que a pesar de ser un fracaso, non sendo capaz de manterse a vila por si mesma, foi testemuña de fitos inusitados, como o caso dun sistema de educación público mixto.

Ao outro lado da Canle da Mancha, durante o mesmo período, os referente en materia de experimentación social e oposición ao capitalismo son Henri de Saint-Simon e Charles Fourier.

O primeiro, de orixe nobre e con título de marqués, alonxados os seus prantexamento de calquera cariz científico, consideraba que a sociedade do seu tempo atopábase dividida en dúas clases: por un lado, os “ociosos”, na forma do clero e a nobreza inactiva que se beneficiaba da explotación do resto da poboación; e os “industriais”, termo no cal agrupaba grupos sociais tan dispares como os empresarios e os traballadores, considerándoos os verdadeiros produtores da riqueza das nacións.

Foi un denodado defensor da industrialización, considerando que ben entendida, podía dirixir á sociedade a un futuro máis xusto, no cal a propiedade se baseara no esforzo e no traballo, achegándose deste xeito aos futuros postulados de Proudhon, se ben Saint-Simon entendía ao estado como unha figura necesaria pra guiar o proceso transformador da sociedade.

Pola súa parte, os escritos de Fourier caracterízanse pola crítica mordaz non só aos estamentos económicos propios do incipiente capitalismo, senón á base moral mesma da sociedade. A súa crítica a institucións tradicionais como a familia nuclear, o matrimonio, ou o papel subordinado ao home da muller, preséntano como un dos máis avanzados precursores do socialismo e un adiantado no que respecta ao análise da sociedade.

As súas propostas no que atinxe a reorganización da sociedade condénsanse na figura do “falansterio”: unha sorte de comunidade formada por un numero determinado de familias nas cales homes, mulleres e nenos gozan dos mesmos dereitos, na cal se poñan en común os servizos de cara a unha maior racionalización e aproveitamento dos mesmo, dividíndose os beneficios obtidos entre os membros da comunidade en función das súas achegas, esforzo e capacidade. Como se pode ver, o modelo do falansterio garda grandes semellanzas coas comunas libres propostas polo anarquismo como base da nova sociedade.

Dos anteriores exemplos despréndese a importancia da acción pioneira destes pensadores ilustrados, que mediante os seus escritos e obra, sentaron as bases do cooperativismo, entendido este como o motor da nova sociedade posterior ao capitalismo imperante. Unha sociedade baseada nos principios da liberdade, a igualdade e o apoio mutuo.

#### **b. Mutualismo.**

A hora de falar de anarquismo e as súas orixes, e imprescindible recorrer ao que foi historicamente considerado pai da ideoloxía libertaria: Pierre-Joseph Proudhon (1809-1865). De orixe campesiño e autodidacta, desempeñou ao longo da súa vida diferentes labores, entre elas a de tipógrafo, o cal lle permitiu acceder as obras dos autores senlleiros da ilustración, base do seu pensamento. Chegaría mesmo a ser deputado na Asemblea Nacional Francesa, nunha de tantas contradicións aparentes entre o reflectido na súa obra e os seus actos vitais.



Outra destas contradicións que na nosa opinión o aloxan da posición de referente que ocupa no seno do anarquismo e a súa consideración da muller como un ser inferior e subordinado ao home, relegándoa ao seu papel tradicional de nai e ama de casa, e opoñéndose ao seu acceso a educación<sup>4</sup>. Estas opinións foron duramente respondidas por outros anarquistas da época, entre os que cabe destacar a Joseph Dejacque, que chegou a botarlle en cara que se puidera considerar anarquista en tanto que se declaraba inimigo acérrimo do feminismo<sup>5</sup>

Se ben no aspecto social e persoal amosa numerosas posturas retrógadas e contrarias non só ás defendidas por pensadores contemporáneos e posteriores, senón tamén anteriores, como o seu compatriota Fourier, as súas teses en materia económica conformarán a que se pode considerar como a primeira proposta puramente anarquista de organización da sociedade e o traballo: o mutualismo.

A hora de formular a sociedade mutualista, Proudhon emprega como alicerces das súas propostas o principio de libre asociación, federación e a teoría do valor-traballo. Deste xeito, nunha sociedade rexida polos fundamentos do mutualismo, os traballadores organizaríanse mediante federacións de industrias, que serían responsables de coordinar a produción e comercialización de bens e servizos, así como establecer o sistema polo cal se lles abonarían os salarios aos traballadores membros.

Chegados a este punto, este modelo pode semellar non ser moi diferente da situación das cooperativas actuais, inmersas nun sistema capitalista no cal se busca obter o beneficio a través da oferta de bens e servizos. Nembargante, os mutualistas ampáranse en que na súa sociedade ideal, allea á intervención do estado, o valor dos produtos viría dado unicamente polo esforzo requirido para a súa obtención, producíndose deste xeito un intercambio xusto e equitativo, que deixaría a un lado o lucro.

Este último prantexamento, baseado na interpretación clásica da teoría do valor-traballo, foi considerada errada e criticado entre outros por Marx, quen tiña por absurdo que o valor dun produto viñera dado unicamente pola cantidade de traballo necesaria pra súa obtención, podéndose chegar segundo ese razoamento ao paradoxo de que a un mesmo ben se lle puidera poñer un prezo superior unicamente porque a unha persoa lle levou

---

4 Proudhon, Pierre-Joseph (1892) *La pornocracia*

5 Dejacque, Joseph (1857) *Carta a Proudhon*

máis tempo obtelo que a outra, capaz de facelo en menos tempo e polo tanto, sendo ortodoxos na aplicación da doutrina, terá un valor inferior.<sup>6</sup>

O mesmo acontece coa propiedade, punto no cal búscase un equilibrio entre o mantemento da propiedade privada e a súa socialización, supeditando a propiedade dos medios de produción a que se garante aos traballadores o desfrute completo dos froitos do seu traballo, quedándose a medio camiño entre o liberalismo e o colectivismo, manifestando en certa medida o carácter gremial e privilexiado que en moitas ocasións se le atribuíu aos escritos de Proudhon.

As teses defendidas por Proudhon e os mutualistas, non sendo aínda o suficientemente fundamentadas e garantas dunha alternativa viable ao sistema económico e social capitalista-estatista, e a pesar do sesgo misóxino que lle quixo imprimir o seu impulsor, serviron como referente para os seus contemporáneos e posteriores seguidores dos prantexamentos anarquistas, que viron en Proudhon unha figura cuxas ideas abrían o camiño cara unha sociedade ceibe do xugo do estado, na cal os traballadores serían finalmente capaces de organizarse libremente. Neste sentido, a achega de Proudhon ao movemento anarquista posúe unha importancia tal que o fixo valedor do título de “pai do anarquismo”.

### **c. Colectivismo.**

Podemos afirmar sen medo a errar, que se Proudhon sentou as bases do que sería o anarquismo, o responsable de darlle forma a ese movemento e principal difusor das súas ideas, foi Mijail Bakunin (1809- 1876). Sobre a súa persoa recaeu o peso de ser a cabeza visible do crecente movemento libertario durante o seu asentamento e separación definitiva do socialismo estatal representado por Marx e Engels. Asimesmo, débese a Bakunin o desenrolo dunha das dúas correntes que máis forza tiveron dentro do movemento anarquista ata os nosos días: o colectivismo.

Fillo dun ex-diplomático e terratenente ruso, a vida de Bakunin levaríao a ingresar no exercito ruso, que deixaría con 22 anos pra adicarse ao estudo da filosofía en Moscova e posteriormente a Berlín. É durante este período que entra en contacto cos textos de Hegel e o socialismo, comezando a un tempo a súa actividade como revolucionario e propagandista.

---

<sup>6</sup> Marx, Karl (1847) *Filosofía de la miseria*

Será nesta etapa, cando fuxindo de país en país, chegue a París e se poña en contacto con Proudhon, de quen será discípulo, así como a Marx e Engels, de quen será primeiro compañeiro na AIT (Asociación Internacional de Traballadores) e posteriormente inimigo declarado. Participara nos movemento revolucionario de 1848, será engaiolado e fuxirá aos EE.UU pra posteriormente volver a Europa, pra colaborar na fundación da AIT, representando ao sector libertario que sería expulsado en 1868 por Marx e os seus partidarios.

Durante este tempo, tivo tempo de establecer unha serie de principios que rexerían a súa liña de pensamento sobre como sería unha suposta sociedade anarquista. Como expuxemos anteriormente, sendo discípulo de Proudhon, colle deste as ideas que constitúen a base do pensamento anarquista (liberdade, apoio mutuo, federación...) pero reforma considerablemente os sistemas propostos polo francés e segundo os cales debía organizarse a sociedade.

Mentres Bakunin mantén nos seus prantexamentos un sistema de salarios semellante ao do mutualismo, remunerándose aos traballadores en función do seu traballo, crítica o modelo de libre asociación defendido por Proudhon, considerando que dito concepto ten un marcado carácter liberal, e que tal feito unicamente pode ser acadado a través da revolución e a desaparición do Estado.

Este último é outro dos fitos que distancian a Bakunin dos seus predecesores. E é que posúe un marcado carácter antiestatista, ata o seu fin último. Mentres que tanto os socialistas utópicos como Proudhon xogan coa idea de reducir a intervención do estado ao mínimo, ou ata facela desaparecer, Bakunin avoga pola súa destrución mediante a acción revolucionaria, substituíndoo por federacións de produtores e consumidores cunha autonomía total.

Asímesmo, o colectivismo defende a propiedade colectiva das terras e dos medios de produción, ao contrario do mutualismo, que recoñecía o dereito a propiedade privada entendida como posesión, así como o dereito dos traballadores a posuír os bens que producen.

E neste momento no cal se produce a ruptura definitiva do socialismo en dúas polas enfrontadas e irreconciliables. Por un lado os defensores da necesidade do estado para acadar o comunismo, e pola outra banda, os anarquistas encabezados por Bakunin, defensores de levar a cabo a revolución e colectivizacións dos medios de produción dunha vez.

O colectivismo sería durante este período a corrente dominante dentro da liña de pensamento ácrata, debido en gran medida a forza irradiada pola figura de Bakunin, desprazando ás teses mutualistas esgrimidas por Pierre-Joseph Proudhon. Non será ata despois da súa morte cando comezan a erguerse novas voces dentro do movemento propoñendo unha nova visión da sociedade.

#### **d. Anarcocomunismo.**

Ao tempo que o anarquismo se definía como unha corrente ideolóxica socialista, separada e oposta ao modelo comunista defendido por Marx, comezaban a xurdir novas formas de concibir os principios sobre os que se debía de construír a futura sociedade tralo triunfo do anarquismo.

Encabezados polo italiano Enrico Malatesta, e posteriormente polo anarquista ruso Piotr Kropotkin, máximo expoñente e ideólogo desta corrente, un amplo grupo de militantes anarquistas das distintas federacións europeas comezaron a observar fendas nos sistemas de carácter colectivista propostos polos “pais do anarquismo”.

Estas novas propostas rexeitaban de pleno o colectivismo, argumentando de forma acertada, que o mantemento dun sistema de remuneración no cal cada individuo tería dereito a unha maior ou menor cantidade de bens en función da súa achega á sociedade a través do seu traballo, suporía a longo prazo a aparición de novas situacións de desigualdade, froito da acumulación de bens nas mans daqueles máis capacitados ou simplemente con maiores facilidades.

A propiedade colectiva tamén foi duramente criticada, dubidando de ata que punto é xusto que tan só aqueles que contribúan a creación dos medios de produción terán dereito á súa propiedade colectiva, tendo en conta que, para chegar ao momento da creación, foi precisa a combinación do esforzo dun sen fin de persoas anónimas que contribuíron, xa fora a través do desenrolo de coñecementos e tecnoloxía ou da obtención das materias primas necesarias.

Partindo do rexeitamento ás teses colectivistas, os anarcocomunistas fundamentan as súas propostas na necesidade da posta en común de toda propiedade como único medio para acadar unha sociedade realmente libre e igualitaria. Desta formaba, pretendíase a eliminación da propiedade privada así como a desaparición de calquera tipo de sistema salarial.

Na futura sociedade baseada nos principios libertarios, o modelo de organización do traballo sufriría unha transformación radical. Carecendo de sentido o mantemento do traballo asalariado nunha sociedade na cal a produción de bens vería determinada polo libre acordo dos traballadores en función das necesidades existentes, a liberdade das persoas a hora de escoller a labor que desenrolan, veríase unicamente limitada polos seus gustos e capacidade para realizar dito traballo.

Isto suporía un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles e un reparto máis equitativo, permitindo, ao tempo que mellora substancialmente a calidade de vida dos individuos e fomenta o desenvolvemento máximo de cada persoa, a supresión dos traballos baixo condicións penosas ou insalubres<sup>7</sup>.

No que respecta á oposición ao mantemento da propiedade privada, tal e como deixamos claro anteriormente, os anarcocomunistas opóñense a idea de que os traballadores teñan calquera clase de dereito particular sobre os bens que producen, así como a posibilidade de obter ganancias individuais froito de dita labor.

Fronte á idea de corte colectivista de manter a propiedade dos froitos obtidos mediante o traballo, recoñécese unicamente o concepto de “uso”. Así, todo ben pasaría a ser propiedade exclusiva da comunidade, recoñecéndose o dereito ao seu uso por parte dos individuos que forman parte dela cando así o precisen, sempre e cando dito ben non sexa considerado necesario pola comunidade ou supoña un elemento fundamental para a produción desta.

Atopámonos deste xeito cunha sociedade que reúne a simple vista todas aquelas características do modelo comunista, coa particularidade propia do anarquismo de carecer dende o primeiro momento dun estado que funcione como titor e se abroge a titularidade dos bens de produción baixo a premisa de representar ao pobo. A responsabilidade da dirección a seguir á hora de producir bens e organizar a vida da

---

<sup>7</sup> Kropotkin, Piotr (1891) *Anarcocomunismo: sus fundamentos y principios*. Tierra de Fuego/La Malatesta Editorial, Madrid, 2010.

sociedade recae directamente sobre os individuos que forman parte desa, tendo en conta as súas necesidades e preferencias.

Desta forma, os anarcocomunistas fan seu o lema “*De cada cal segundo as súas capacidades, a cada cal segundo as súas necesidades*”<sup>8</sup> proclamado por Karl Marx, pero rexeitando totalmente a fase previa na cal primaria na sociedade o “*A cada cal segundo o seu aporte*”, defendido polos colectivistas.

**e. Anarcosindicalismo.**

De forma paralela ao desenrolo do anarcocomunismo, ten lugar a aparición dunha nova corrente dentro do movemento libertario, que ven a resultar da cada vez maior forza que gañan as teses anarquistas entre os traballadores organizados. Deste xeito concíbese o anarcosindicalismo, como unha vía de xuntar o anarquismo e o sindicalismo revolucionario; loitar polos dereitos dos traballadores ao tempo que se predica a revolución social.

Recollendo a luva lanzada pola AIT, que entendía o sindicato como un dos mecanismos fundamentais na loita de clases, os anarquistas emprenderon a labor de crear sindicatos que aglutinaran as forzas dos obreiros, e entre cuxas funcións no se atopaba unicamente a de defender os seus dereitos, senón que proporcionan un marco no cal o traballador pode formarse na loita revolucionaria.

Os sindicatos son vistos como un medio a través do cal os traballadores teñen a capacidade de organizarse pra defenderse ao tempo que sentan as bases da futura organización da sociedade e o traballo. Así, o sindicato ven a representar unha sorte de forma primitiva das federacións de produtores mediante as cales será menester organizar a produción e distribución de bens e servizos.

Esta estratexia de integración e creacións das organizacións sindicais como ferramenta de loita foi aplaudida e tivo gran aceptación ao longo e ancho de Europa, coa aparición de sindicatos de gran importancia, como foi o caso da CGT en Francia, afín ao anarcosindicalismo nas súas orixes, a pesar da súa posterior deriva cara o comunismo. Entre todos eses caso, cabe destacar o da CNT (Confederación do Traballo Española), que nun lapso de tan so 25 anos dende a súa fundación en 1910, conseguiu reunir nas

---

<sup>8</sup> Marx, Karl (1875) *Crítica del programa de Gotha*.

súas filas a máis de medio millón de traballadores, xogando un papel fundamental na sociedade e política española durante ese período.

Nembargante, non todo resulta ideal na aplicación deste modelo, moitas son as voces que consideran que a actividade sindical supón un alonxamento da verdadeira finalidade do anarquismo, e o mesmo acontece pola banda daqueles sindicalistas que consideran demasiado radicais as posturas defendidas polos anarquistas máis ortodoxos. É este un conflito que se atopa dende o inicio do movemento anarcosindicalista, e que supuxo a desaparición e escisión de numerosas organizacións e sindicatos.

#### **f. Anarcocapitalismo.**

No apartado en cuestión procederemos a analizar brevemente unha serie de propostas de carácter socioeconómico da corrente política que deu en chamarse “anarcocapitalismo”. Cando falamos de anarcocapitalismo, non nos deixemos enganar polo nome, non estamos a falar en ningún caso dunhas das ramas do anarquismo clásico entendido como unha corrente ideolóxica que pretende a eliminación de todo monopolio económico e autoridade coercitiva de cara a acadar o desenrolo do ser humano en plena liberdade e igualdade. Non.

Baixo o enganoso nome de anarcocapitalismo ou libertarismo, ocúltase unha corrente de pensamento que afonda as súas raíces no liberalismo económico clásico, así como en algúns dos mal considerados anarquistas individualistas estadounidenses.<sup>9</sup>

A pretensión última desta corrente de pensamento, non é outra que a de acadar unha sociedade na cal prime a propiedade individual e o libre comercio. E isto, que nun principio podería considerarse semellante ás primitivas propostas realizadas por Proudhon, non significa outra cousa que a substitución do goberno dos estados, polo goberno das grandes corporacións.

O anarcocapitalismo non propugna unha revolución, un reparto dos ben e medios de produción seguido dun reinicio da actividade. O que pretende é que partindo da situación actual, elimínese por completo a actividade reguladora do estado. E cando dicimos eliminar, queremos dicir substituír polos seus propios mecanismos. Pois o capitalismo é plenamente consciente de que sen un estado ou organización análoga que o sosteña e faga respectar, carece de futuro algún.

---

<sup>9</sup> Opinión semellante amosa Noam Chomsky a este respecto, calificando o libertarismo de “aberración”. Chomsky, Noam (2014): *Razones para la anarquía*, pag.71.

Desta forma, os promotores destas teses son partidarios non da eliminación de corpos policiais e militares, ou dos órganos xudiciais, senón que a súa pretensión é que ditos servizos pasen a ser prestados por organizacións privadas que compiten entre si no mercado. Pasaría-se deste xeito dun exercito e xudicatura baixo o control do estado, a ter grupos de mercenarios e togados ao servizo do mellor poxador.

Para continuar co absurdo de ditos prantexamentos, os defensores desta sociedade tan pouco igualitaria, basean o seu funcionamento na idea do libre contrato entre as partes. Incorren deste feito no mesmo erro cometido por Proudhon e que xa foi sinalado por Bakunin, ao pretender forxar unha sociedade supostamente igualitaria ignorando por completo o bagaxe que ten a cultura e a educación no comportamento das persoas. O cal, xunto coa desigualdade de poder existente entre aqueles posuidores do capital e o proletariado, vai que esa tan cacarexada incluso nos nosos días liberdade de contrato non sexa máis que papel mollado.

En definitiva, atopámonos ante unha ideoloxía baleira e carente por completo da máis mínima coherencia consigo mesma, que defende a capa e espada o capitalismo ao tempo que carga contra o seu único garante, e que pretende convencer de que é posible un libre acordo xusto nas condicións de desigualdade actuais.

## **7. Economías de inspiración libertaria ao longo da Historia.**

O campo de actuación do anarquismo non quedou confinado tan súa elaboración de teorías sociais e prantexamentos revolucionarios truncados. Ao longo dos pasados dous séculos, foron varias as comunidade que pretenderon artellar as súas sociedade de acordo aos principios e fundamento do anarquismo, con maior ou menor éxito. Nalgún caso apenas puideron sobrevivir un par de anos, rodeadas por inimigos dunha e outro cor, mentres que noutras ocasión chegaron a servir de alicerce á constitución de novos estados a partir da nada, o cal non deixa de ser un paradoxo.

Mesmo agora, mentres escribo estas liñas, estanse a desenrolar proxectos que, identificados co anarquismo ou non, están a seguir as liñas básicas marcadas polos pensadores anarquistas do pasado.

E por ilo que considero oportuno enumerar unha breve relación de ocasións nas cales se procedeu a levar as ideas ácratas á práctica, realizando unha análise das distintas formas



nas que se organizou o traballo e a sociedade en ditas ocasións, que procedo a expoñer a continuación.

**a. Os kibbutz de Palestina.**

O caso dos kibbutz é un dos mellores e máis recentes exemplos de como un proxecto de sociedade autónoma e autoxestionada é posible incluso nas circunstancias máis adversas posibles. Asimesmo, tamén é un mostra de ata que punto poden chegar a aproveitarse os estados das bases sentadas por estas comunidades, empregando as súas capacidades en beneficio propio.

En primeiro lugar compre explicar en que consiste un kibbutz. Na súa orixe, a comezos do século XX, os kibbutz tratábanse de asentamentos agrícolas fundados por colonos xudeus emigrados a Palestina coa finalidade de establecer unha nación xudía en ditos territorios. Estas pequenas comunidades, de apenas varias ducias de habitantes, medraron en popularidade co tempo, de tal forma que a emigración masiva de persoas de orixe xudía cara Palestina, trala Revolución Rusa primeiro, e despois a consecuencia da II Guerra Mundial e a persecución dos xudeus en Europa, propiciou a aparición de novos asentamentos, nalgúns casos formados por centos de colonos.

A crecente presión demográfica exercida polo xudeus emigrados de Europa, xunto coa débil posición de Gran Bretaña tralo conflito europeo, fixo que finalmente se procedera á repartición do territorio do antigo protectorado británico entre árabes e xudeus, co conseguinte conflito á hora de delimitar as fronteiras do que sería o futuro estado de Israel, no cal os kibbutz, imbuídos maioritariamente dun sentido carácter sionista (no sentido exclusivamente de constitución dunha nación xudía, non necesariamente relacionado con principios relixiosos, se non culturais) xogaron un importante papel, servindo como base na que se apoiaron os fundadores do estado hebreo.

Nembargante, o apoio maioritario dos kibbutz ao establecemento do estado de Israel supuxo a súa decadencia. Dentro dunha sociedade xerarquizada e rexida polas leis impostas dende o goberno, e máis nun sistema económico capitalista, os kibbutz, baseados na cooperación e a igualdade víronse asaltados en tódalas fronteiras, pasando a ser considerados reliquias dos tempos da colonización. Deste xeito, numerosos kibbutz desapareceron e outros quedaron fortemente afectados pola emigración dos seus mozos

ás cidades, así como polas dificultades de sobrevivir dentro dunha economía de estado que chocaba co seu funcionamento autosuficiente, pasando en ocasión a depender directamente do estado u privatizar as súas actividades.

Unicamente nas últimas décadas comezou o rexurdir dos kibbutz, en gran medida debido a maior concienciación da poboación respecto a sostibilidade, a ecoloxía e a busca dun modo de vida alonxado do sistema capitalista e un maior contacto entre os membros dunha comunidade.

Unha vez sinalada a traxectoria seguida polos kibbutz dende a súa fundación ata día de hoxe, podemos entrar nos principios en base aos cales foron fundados moitos deles. Se ben existiron e existen comunidades con fundamentos moi diferentes, relixiosos ou laicos, privatizados ou comunais... a idea orixinal dos kibbutz era a de crear un novo modelo de sociedade no cal se eliminaran as diferenzas existentes entre as persoas ocasionadas pola raza, credo ou sexo, aspirando a unha comunidade na cal primara a igualdade entre os seus membros.

O reparto do traballo realizábase de forma equitativa, participando tanto homes como mulleres das labores do campo, vixilancia e coidado dos menores da comunidade. Este último aspecto tivo a súa particular relevancia, xa que coa finalidade de liberar á muller do destino de dedicarse en exclusiva á crianza dos fillos e o coidado dos fillos ao cal a empurraba a sociedade patriarcal hexemónica, creáronse instalacións onde se criaba aos pequenos do asentamento todos xuntos ata que acadaban unha idade determinada, de tal forma que o traballo da crianza repartíase por igual entre os membros do kibbutz.

Neste modelo de organización do traballo, un modelo moi empregado era o da rotación dos postos, de tal forma que unha persoa encargábase de realizar diversas tarefas de acordo cun esquema definido, mediante o cal conséguese eliminar a dificultade de atopar persoas dispostas a realizar tarefas que sexan particularmente penosas ou dificultosas.

A maiores das actividades agrícolas realizadas orixinalmente polos primitivos kibbutz, a achega de fondos por parte de doantes doutros países, así como a colaboración de integrantes con formación superior e técnica, permitiron que non fora raro atopar comunidades nas cales o motor económico era unha factoría. De feito, na actualidade a industria supón a principal fonte de ingreso dos kibbutz, un 70%, fronte ao 15% que

aporta a agricultura. De feito, a maior empresa de armamento de Israel, “Israel Military Industries” popular internacionalmente polas súas armas de man, enterra as súas orixes na fabrica de armas clandestina do kibbutz Maagan Michael.<sup>10</sup>

Como comentábamos anteriormente, os kibbutz de Palestina son un dos máis claros exemplo de como unha sociedade argallada de costas ao estado e con total independencia deste, pode ser capaz de sobrevivir seguindo os principios de autoxestión e apoio mutuo. E é que so a partir da entrada do estado na vida económica e social dos kibbutz produciuse a súa paulatina caída en desgraza, e so agora, que volven a tambalearse os alicerces de dito sistema, comezan estes a revivir.

#### **b. O Territorio Libre en Ucraína.**

Existe a idea xeneralizada de que unha vez se deu o triunfo da revolución bolxevique en Rusia e a sinatura do Tratado de Brest-Livotsk, a intervención da nacente Unión Soviética na I Guerra Mundial chegou ao seu fin. Mais isto tan so é verdade a medias.

Pra estudar o caso que nos atinxe, debemos situarnos nas praderías do sueste de Ucraína, durante o ano 1918. Os alemáns, xunto cos seus aliados do exercito austrohúngaro entran en Ucraína coa suposta intención de apoiar ao recentemente establecido goberno da Rada contra os ataques dos bolxeviques, que chegan a tomar Kiev, máis a súa verdadeira finalidade e facerse cos recursos da rica campaña ucraína. Ao mesmo tempo, e dende o sur, as tropas dos partidarios dos zares, ou “brancos”, buscan abrirse camiño cara Rusia co beneplácito das Potencias Centrais.

E neste contexto de guerra total e abusos en contra da poboación obreira e campesiña, que se desenrola un movemento de carácter anarquista insurrecional, na forma do Exército Negro, conformado por milleiros de campesiños fartos de se atopar no medio das pugnas das diferentes potencias, e que baixo o liderazgo do seu comandante, o anarquista Nestor Makhno, conseguen rexeitar en reiteradas ocasións as forzas nacionalistas, zaristas e das potencias centrais do territorio ucraíno.

Ao tempo que se producen os combates, e aproveitando a consolidación flutuante dun territorio liberado do control de calquera goberno, os campesiños, obreiros e anarquistas desenrolan unha sociedade autoxestionada que terá o seu epicentro na vila de Guliaipole

---

10 Kamin, Debra (2013): *How a Fake Kibbutz Was Built to Hide a Bullet Factory*, Haaretz, en <http://www.haaretz.com/israel-news/how-a-fake-kibbutz-was-built-to-hide-a-bullet-factory.premium-1.515584>

e abarcara a unha poboación aproximada duns 7 millóns de persoas, ocupando en diferentes momentos aproximadamente un cuarto da extensión da Ucraína.

De acordo coa súa orixe ácrata, o que se deu en denominar Territorio Libre artellouse entorno aos principios do anarcocomunismo, rexeitando polo tanto a intromisión de partidos políticos, rexeitamento do estado, e da necesidade dunha ditadura do proletariado como paso previo ao comunismo. Estes principios, básicos na ideoloxía anarquista, converteron ao Territorio en obxectivo das forzas do Exército Vermello, que baixo o mando de Trotsky, non dubidou en xogar a dúas bandas, aproveitándose do Exército Negro pra cubrir a fronte de ucraína, pra posteriormente darlle o golpe de graza tralo fin da I Guerra Mundial.

A pesar das condicións adversas, os habitantes do Territorio foron capaces de se organizar de forma eficiente, establecendo un consello como máxima autoridade, que funcionaba como órgano de decisión subordinado ás distintas federacións existentes, con representantes tanto da poboación civil, como do Exército Negro, cuxos mandos eran tamén escollidos polos propios milicianos.

No que respecta a organización da produción e a propiedade, a norma xeral era a agrupación dos campesiños e obreiros en comunas, nas cales os medios de produción atopábanse colectivizados, repartíndose as tarefas de forma igualitaria entre homes, mulleres e nenos na medida das súas capacidades. Deste xeito, as tarefas non manuais, como poda ser a xestión da produción ou a contabilidade realizábase mediante a rotación de traballadores. En canto a propiedade privada dos medios de produción, atopábase restrinxida polo requisito de non explotar a ningún traballador. Isto é, que os grandes campesiños podían conservar as súas terras pra si, sempre e cando non empregaran traballadores subordinados para o seu aproveitamento. A coordinación de todas estas comunas ou “soviets libres” acadábase, como mencionamos anteriormente, a través da libre federación, nas cales se vían representadas por delegados carentes de calquera capacidade de goberno ou decisión allea á asemblea do soviet, tratándose de traballadores escollidos puntualmente para realizar dita tarefa

Deste xeito, chegou a establecerse unha sociedade anarquista autoxestionada en plena I Guerra Mundial, rodea de inimigos polos catro costados e capaz de rexeitalos a todos durante 4 longos anos. Todo isto ao tempo que se establecía un sistema educativo

baseado nas leccións de Ferrer i Guardia, se liberaba aos servos-escravos da tiranía dos terratenentes e dábase un exemplo ao mundo de que outra sociedade era posible.

### **c. A Revolución Social Española (1936-1939).**

Cando se pretende analizar a historia da posta en práctica das teses do anarquismo no mundo contemporáneo, é ineludible mencionar o caso que se deu en España durante o desenrolo da Guerra civil (1936-1939).

En primeiro lugar, é preciso recordar o contexto no cal se desenvolven os feitos que a continuación exporemos. Atopámonos deste xeito nun país profundamente diferente ao actual, no cal as ideas anarquistas calaran fondo no seo da clase obreira, sendo a CNT (Confederación Nacional do Traballo) un dos maiores sindicatos do momento, con máis dun millón de afiliados antes do estalido da guerra, o cal supuña un base sólida para a realización da revolución.

Da mesma forma, sucedéronse no período abranguido pola II República numerosas experiencias de colectivización e autoxestión da terra e os medios de produción, así como de creación de cooperativas e ateneos inspirados nos principios libertarios. Non obstante, estes procesos que poderíamos cualificar como prolegómenos da revolución, foron comunmente reprimidos polas forzas ao servizo do goberno, fora este da dereita ou da esquerda, como aconteceu na coñecida como Masacre de Casas Viejas durante a insurrección de xaneiro do 1933.

Desta forma chegamos a momento no que se produce a sublevación militar do exército de África, existindo en España un amplo sector de obreiros con ideoloxía anarquista e sobrada experiencia na práctica insurreccional e autoxestión, cuxa veloz reacción e capacidade de organización evitou unha rápida vitoria dos sublevados.

Non obstante, as columnas de milicianos organizadas pola CNT e a FAI (Federación Anarquista Ibérica) que parten de Barcelona cara a fronte de Aragón e a zona centro da península non teñen como obxectivo único combater. Ao seu paso polas distintas vilas e aldeas vanse estendendo os principios de autoxestión e colectivización promulgados polo anarquismo. Xorden así numerosas cooperativas, e procédese á colectivización da terra en gran parte do territorio de Aragón. Isto, xunto coa existencia previa dunha importante base anarcosindicalista entre a poboación rural aragonesa, propicia a

creación do Consello de Aragón, entidade autónoma do goberno da república na cal se atopaban representadas as colectividades aragonesas.

Ao mesmo tempo prodúcese a colectivización da maior parte da industria de Barcelona, a cidade máis industrializada do estado e un dos históricos baluartes do anarquismo español, dándose o caso de que mesmo as autoridades da Generalitat tiveron que recoñecer a eficiencia da nova xestión das fábricas<sup>11</sup>.

A colectivización nas zona rurais seguiu un modelo semellante ao empregado en Ucraína durante a insurrección, coa particularidade de atoparse a zona baixo influencia anarquista enmarcada dentro do territorio pertencente á República. Debido a isto, xunto ás xa coñecidas colectivizacións das terras por parte dos labregos, creáronse de forma paralela cooperativas, dedicadas a coordinación da produción e o intercambio de bens. Ao igual que no caso ucraíno, á maioría daqueles labregos posuidores de terras que non desexaban unirse as colectividades puideron conservar as súas terras, se ben coa condición de seren eles os únicos que as traballaran, sen recorrer a asalariados.

Pero o principal matiz diferenciador con respecto a anteriores experiencias, foi a participación masiva do proletariado industrial na colectivización dos medios de produción, un fito non conseguido en ningún intento previo con tan alto nivel de efectividade. A colectivización de gran parte da industria catalá realizouse de forma semellante á rural, pasando as fábricas a ser xestionadas directamente polos propios traballadores e sindicatos, dando a opción aos patróns e directivos de continuar a realizar as súas labores, rexeitando en todo caso á propiedade das mesmas e os seus privilexios, pasando a ser un traballador máis. Tal e como recollen diversas fontes, a nova realidade dos traballadores véndose donos da súa labor, propiciou unha subida da produtividade da industria catalá<sup>12</sup>, lastrada unicamente pola falta de recursos e a negativa dos gobernos central e catalán de financiar o seu funcionamento dado a súa oposición interesada aos anarcosindicalistas.<sup>13</sup>

Esta revolución, que a priori gozaba de tódolos factores pra asentarse (ampla base social tanto nas cidades como nas vilas, unha industria asentada, experiencia organizativa, etc), viuse truncada polos mesmos motivos que acabaron co territorio libre ucraíno. Por

---

11 Chomsky, Noam (2014) *Razones para la anarquía*, (El caso español: pag 112) Malpaso, Barcelona.

12 “Los obreros de las fábricas de armamento de Barcelona habían trabajado 56 horas semanales o más y no había un solo caso de sabotaje o indisciplina” Lluís Companys, presidente da Generalitat de Catalunya (1936-1940).

13 Brenan, Gerald (1943): *El Laberinto español*.

un lado atopábase a presión exercida polos exércitos sublevados cos seus aliados fascistas na fronte de Aragón, situación que se vía agravada polos escasos subministros que chegaban ás zonas onde a influencia anarquista era maior, coa intención de debilitar á CNT e á FAI, nun manobra auspiciada polo goberno da República e os comunistas, co apoio da URSS, que buscaba afianzar o seu control sobre o goberno español.

Esta estratexia de illamento e exasperación tivo un dos seus momento cume nos Sucesos de Maio, cando se sucederon os enfrontamentos entre as forzas do goberno e comunistas e os anarquistas, ante o intento dos primeiros de tomar o control de certas industrias colectivizadas. Sería o antecedente á disolución do Consello Rexional de Defensa de Aragón a mans da 11ª División baixo o mando do dirixente comunista Enrique Lister, destinada a facer “manobras”<sup>14</sup> en Aragón, e que supuxo a volta ao control republicano da zona, revertendo o proceso revolucionario realizado, volvendo a propiedade da maior parte das terras aos terratenentes e sucedéndose os saqueos e asasinatos. Outra oportunidade truncada.

#### **d. A Revolución de Rojava.**

Se hai un movemento revolucionario actual que destaca por méritos propios por enriba de calquera outro, ese é o que está tendo lugar no ámbito territorial de Rojava, no norte de Siria.

Enmarcado no contexto da guerra que se esta a desenrolar en Siria entre as forzas do goberno e os islamitas do Daesh e forzas afíns, o movemento kurdo aproveitou a incapacidade das forzas armadas sirias de responder á ameaza islamita nos seus territorios tradicionais para establecer un territorio libre e alleo a calquera forma de estado.

O sistema que se atopa en funcionamento neste territorio liberado caracterízase pola súa heteroxeneidade. No aspecto político, existe unha dobre vía a hora da toma de decisións, existindo por un lado un nivel de asembleas conformadas por representantes (unicamente representantes) de grupos de poboación de diferente tamaño, así como comisións especializadas que teñen como finalidade atender as decisións máis inmediatas e do día a día, debendo existir paridade entre homes e mulleres tanto nos representantes, como nas comisións.

---

14 Gambau Gil, Antonio: *Consejo de Defensa y movimiento colectivista de Aragón, 1936-1939*,CECBAC, 2007

No tocante a organización da economía e o traballo, de novo atopámonos cunha dobre vertente. Dende a Administración da rexión, potenciase a creación de cooperativas, tanto agrícolas como industrias, a través das cales os habitantes poidan acceder a unha fonte de ingresos e fortalecer a autosuficiencia da rexión a mesmo tempo. Nembargante, e dada a dificultade a hora de acadar este último obxectivo, permítese a existencia de empresas privadas e comercio de mercadorías, se ben os produtos considerados básicos teñen o seu prezo rigorosamente marcado, e no caso das empresas que explotan os recursos da rexión, fano nun réxime de concesión segundo o cal deben deixar parte dos seus beneficios na comunidade.

Trátase polo tanto dun sistema económico e social a medio camiño entre o anarquismo e o capitalismo, froito da particular situación xeográfica na que se atopa, e o crucial papel que xogan as YPG e YPJ (forzas armadas kurdas) na loita contra o Daesh, o cal, xunto ao seu rexeitamento ao goberno sirio, convérteos en virtuais aliados dos EE.UU sobre o terro, coa conseguinte influencia que estes exercen sobre as posturas económicas de Rojava.

#### **8. As propostas anarquistas no marco económico actual.**

Como puidemos ver nalgúns dos exemplos anteriores, as ideas clásicas do anarquismo continúan a estar vixentes e empregadas en diversas situacións ao longo do pasado século e mesmo na actualidade. Máis de forma paralela, o corpus da ideoloxía ácrata continua a medrar, incorporando novas propostas e puntos de vista ante a flutuante situación económica e social que vimos vivindo nos últimos tempos.

Desta forma, o anarcocomunismo, que chegou ata os nosos días como a tendencia principal e predominante dentro do anarquismo, non se mantivo invariable durante o seu traxecto vital. Factores tales como o continuo deterioro do medioambiente debido á proliferación das industrias contaminantes, a industrialización da explotación animal ou o aparentemente imparable consumismo, exercen a súa influencia nas numerosas teorías xurdidas nas últimas décadas dentro do movemento ácrata.

Unha das máis destacables destas propostas é a da “Teoría do decrecemento”. Esta corrente de pensamento, se ben non ten a súa orixe radicada no movemento anarquista, si que ven exercendo unha enorme influencia nos seus postulados actuais, xa que moitas



das ideas defendidas por este entroncan con sinxeleza cos valores defendidos pola ideoloxía libertaria.

Entre estas ideas atópase un rexeitamento radical ás tendencias neoliberais imperantes, baseadas nun crecemento continuo e exponencial da economía. Fronte a ilo, os decrecentistas consideran que non se está a ter en conta os efectos que dito crecemento esta a ocasionar, non so a nivel medioambiental, senón tamén ao afondar na fenda existente entre os países do norte e o sur, cimentando o crecemento e benestar dos primeiros sobre a explotación e pobreza dos últimos.

O decrecemento propón unha racionalización do crecemento actual, poñendo por diante o respecto á natureza, así como reducir paulatinamente as diferenzas existentes cons respecto aos países subdesenrolados. Os pasos pra acadar estes obxectivos pasan por un maior toma de conciencia da sociedade de como nos afecta o crecemento descontrolado no presente e de cara ao futuro, optando por recorrer á cooperación e a autoxestión, de tal forma que se cambie de paradigma, abandonando o sistema capitalista, xa sexa de forma gradual, ou drástico, como defenden os seguidores anarquistas desta corrente.<sup>15</sup>

Outra das teorías de recente creación nacidas arredor das ideas libertarias é a da economía participativa, desenrolada por Robin Hahnel e Michael Albert a finais do século pasado. Partindo principalmente das teses colectivista desenroladas por Proudhon, crearon un sistema económico cuxos alicerces son: a autoxestión, a remuneración xusta, a dignidade no traballo e a asignación de recursos participativa.

Para levar a cabo o seu modelo, os autores propoñen a creación de organismos que agruparan a produtores e consumidores, con capacidade para planificar a economía da súa sociedade dunha forma aberta e autoxestionada, na que prime a transparencia e os intereses dos actores.

Mediante este modelo, ao que se lle engadiría unha remuneración do traballo acorde ao esforzo que supón, buscase a un tempo solucionar outro dos problemas sinalados como

---

<sup>15</sup> Carlos Taibo (2009): *En defensa del decrecimiento*, Editorial La Catarata, Madrid.

claves anteriormente, que é a inxusta remuneración que reciben certos traballadores pola súa labor dentro do actual sistema capitalista.

Non obstante, e a pesar da súa inclusión de temas de actualidade como é a preocupación polo medioambiente, ou propostas novedosas como son os consellos de consumidores e produtores, a economía participativa non deixa de ser un actualización dunha idea xa superada como é a do colectivismo, rexeitada pola inmensa maioría do anarquismo en favor do anarcocomunismo, e que se ve claramente influenciada pola orixe e trasfondo cultural dos seus autores, ambos estadounidenses. Isto pódese apreciar na súa reticencia de cara a rexeitar por completo a existencia de autoridade e xerarquía, así como a recompensa variable en función da achega do traballador, rasgo que se aprecia noutros autores estadounidenses considerados ácratas, como Noam Chomsky.<sup>16</sup>

## **9. Conclusión.**

Como puidemos observar ao longo da viaxe que realizamos ao longo da historia do anarquismo e as súas diversas correntes, a riqueza e variedade dentro do movemento ácrata dista moito da visión simplona e caricaturesca que moitas veces se representa por parte dos medios de comunicación e mesmo por algúns autores supostamente versados en materia política e económica.

No que se refire a pensadores e avances sociais, en ámbolos dous casos o anarquismo e antes os seus ancestros utópicos, precederon as doutrinas de carácter socialista tidas por máis “realistas” ou “científicas”, amparándose precisamente nunha contradición, e é que se a ideoloxías como o socialismo científico de Marx lles foi permitido sobrevivir con relativa facilidade e acadar un nivel de expansión considerable ata os nosos días é debido a súa utilidade da cara ao mantemento do sistema estatal, onde o poder se atopa nas mans dunha caste privilexiada.

Pola súa parte o anarquismo desenrolouse entre as maiores das dificultades, burlando en numerosas ocasións a aniquilación (no seu sentido máis literal), ao tempo que foi estendéndose entre os pobos ata acadar momentos cumes nos cales se puideron levar

---

<sup>16</sup> Son numerosas as ocasións nas que Chomsky realiza unha defensa do estado como mal menor ante o poder hexemónico das grandes corporacións, considerando unha barreira fronte aos abusos das empresas, o cal bate frontalmente contra os máis básicos principios do anarquismo. Ex: Chomsky, Noam (2014): *Razones para la anarquía*, Editorial Malpaso, Barcelona, pp 81-86.

nas sociedades as accións propugnadas polos seus teóricos, con asombrosos resultados que en tódolos casos so puideron ser calados pola forza das armas e a represión, fora por parte do fascismo ou das forzas da esquerda totalitaria.

A pesar de todos os procesos de represión e ataque contra as teses anarquistas, a radicalidade das mesmas permitiulles chegar ata os nosos días cunha forza que se ben esta adormecida no occidente máis desenrolada, cobra novos folgos da man de pobos que ven nos seus principios unha vía de fuxida dos tradicionais modelos de sociedade estatal que lles veñen sendo impostos historicamente, e que non deixan de amosar, día tras día, a súa incapacidade de cara a satisfacer as necesidades dos pobos sobre os cales exerce o seu dominio.

Fronte a esta situación de estancamento e atrofia das institucións clásicas que rexen o devir dos países, o anarquismo aporta un punto de vista diferente de cara a abordar o futuro das nosas sociedades, coa vantaxe de contar con case dous séculos de experiencia previa, rexurdindo unha outra vez de entre as súas cinzas, sendo a máxima promesa de liberdade á cal pode aspirar o ser humano como individuo e colectivo.

O anarquismo ten aínda moito que dicir.

## **10. Bibliografía.**

-Albert, Michael: *Once comentarios sobre el programa y la visión de futuro de la economía participativa* en:

[http://web.archive.org/web/20131010173345/http://zinternational.zcommunications.orS  
panish/indparec.htm](http://web.archive.org/web/20131010173345/http://zinternational.zcommunications.orSpanish/indparec.htm) (consultado el 30 de abril de 2017).

-Anderson, Tom e Egret, Eliza (2016) *Democratic confederalism in Kurdistan* en:

<https://corporatwatch.org/news/2016/apr/18/democratic-confederalism-kurdistan>  
(consultado el 8 de mayo de 2017)

-Archinov, Piotr (1926): *Historial del Movimiento Makhnovista*, LaMalatesta, 2012, Madrid.

-Bakunin, Mijail (1882): *Dios y el estado*, Editorial LaMalatesta, 2014, Madrid.

-Berzosa, Carlos (2014): *Los socialistas utópicos*, Marx y sus discípulos. Editorial Síntesis, Madrid.

- Brenan, Gerald (1943): *El Laberinto español*, Editorial Planeta, Barcelona
- Chomsky, Noam (2014): *Razones para la anarquía*, Editorial Malpaso, 2014, Barcelona.
- Dejacque, Joseph (1857) *Carta a Proudhon*
- Dirak, Dilir (2017): *La Democracia Radical, la primera línea de combate contra el Fascismo* en:  
<https://rojvaazadimadrid.wordpress.com/category/analisis-2/> (consultado el 8 de mayo de 2017)
- Dominick, Brian: *Economía participativa, anarquía y política* en  
<http://web.archive.org/web/20120301181603/http://zinternational.zcommunications.org/Spanish/1102parecon.htm> (consultado el 30 de abril de 2017)
- Fabbri, Luigi: *Comunismo libertario o capitalismo de estado*, Copia i Difon, 2014, Barcelona.
- Gambau Gil, Antonio: *Consejo de Defensa y movimiento colectivista de Aragón, 1936-1939*,CECBAC, 2007
- Hahnel, Robin (2012): *Del pueblo para el pueblo: el modelo de la economía participativa*, Icaria Editorial, 2014, Barcelona.
- Kamin, Debra (2013): *How a fake kibbutz was built to hide a bullet factory*, Haaretz, en <http://www.haaretz.com/israel-news/how-a-fake-kibbutz-was-built-to-hide-a-bullet-factory.premium-1.515584> (consultado el 22 de abril de 2017)
- Kropotkin, Piotr (1892-1894): *La conquista del Pan*, Editorial LaMalatesta/Tierra de Fuego/Libros de Anarres, 2008, Madrid.
- Kibbutz Movement: *Commemorating 100 years of the Kibbutz* en  
[http://www.kibbutz.org.il/eng/081101\\_kibbutz-eng.htm](http://www.kibbutz.org.il/eng/081101_kibbutz-eng.htm) (consultado el 22 de abril de 2017)
- Kropotkin, Piotr: *Anarcocomunismo: sus fundamentos y principio.*, Editorial LaMalatesta, 2010, Madrid.

- Malatesta, Errico (1884): *Entre campesinos*, Editorial Descontrol, 2016, Barcelona.
- Malatesta, Errico (1890): *En tiempo de elecciones*, Editorial Descontrol, 2016, Barcelona.
- Marx, Karl (1847) *Filosofía de la miseria*
- Proudhon, Pierre-Joseph (2015) Antología de Proudhon, *Tierra y Libertad*, nº 325: pp 6-16.
- Proudhon, Pierre-Joseph (1875): *La pornocracia o la mujer en nuestros tiempos*.
- Proudhon, Pierre-Joseph (1840): *¿Qué es la propiedad?*, Utopía Libertaria, 2005, Buenos Aires.
- Rocker, Rudolf (1938): *Anarcosindicalismo (Teoría y práctica)*. Fundación de Estudios Libertarios Anselmo Lorenzo, 2009, Madrid.
- Rocker, Rudolf: *Anarquismo y organización*, Editorial Tinta Negra, 2014, Madrid.
- Taibo, Carlos (2009): *En defensa del decrecimiento*, Editorial La Catarata, 2009, Madrid.
- Workers Solidarity Movement (2016): *An anarchist perspective on Rojava's coops and communes* en:  
<https://cooperativeconomy.info/an-anarchist-perspective-on-rojavas-coops-and-communes/>